

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015524	CPR Plurilingüe Vilas Alborada	Santiago de Compostela	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Comunicación e representación da realidade	6º Inf.	8	280

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	20
4.2. Materiais e recursos didácticos	21
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	22
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	22
6. Medidas de atención á diversidade	22
7.1. Concreción dos elementos transversais	23
7.2. Actividades complementarias	24
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	24
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	25
9. Outros apartados	25

1. Introducción

A área de Comunicación e Representación da Realidade recolle os elementos curriculares que se traballarán ao longo do curso de 6º de EI co fin máximo de promover nas nenas e nenos as capacidades que lles permitan comezar a desenvolver ferramentas para comunicarse e interpretar a realidade a través de diferentes linguaxes e formas de expresión como medio para construír a súa identidade, representar a realidade e relacionarse coa contorna e coas demais persoas que a habitan.

Para desenvolver esta área temos en conta que o noso centro é un centro plurilingüe que está ubicado nun barrio (San Pedro) nas aforas de Santiago e os nosos/as 17 alumnos/as de 6º de EI (5 nenos e 12 nenas) viven maioritariamente no barrio e o seu nivel socio-económico e cultural é medio. Estas circunstancias fan que aínda vivindo nunha cidade teñen moito contacto coa natureza pois na contorna do barrio dispoñemos de bastantes zonas verdes.

Para o desenvolvemento desta área, neste curso no que a Semana Cultural vai das multiculturas cabe destacar que son varias as familias procedentes doutros países.

Esta programación está deseñada para ser desenvolvida, conxuntamente coas programacións das outras dúas áreas, a través da realización de unidades didácticas entendidas como proxectos de aula (a auga, o son ...) formados por situación de aprendizaxe (tarefas, actividades e exercicios). Consideramos fundamental seguir respectando o principio de globalidade á hora de deseñar estas situacións de aprendizaxe, onde se poñan en práctica habilidades e capacidades relacionadas coas tres áreas curriculares.

Os obxectivos desta área relaciónanse coa habilidade de comunicarse eficazmente con outras persoas de maneira respectuosa, ética, adecuada e creativa. Por unha banda, abórdase unha perspectiva comunicativa e, pola outra, perséguese un enfoque interactivo nun contexto plurilingüe (galego, castelá e inglés) e intercultural xa que o noso alumnado está composto por nenos e nenas de distintas culturas. Os obxectivos ao redor dos que se organizan as aprendizaxes desta área están orientados cara a tres aspectos fundamentais da comunicación: a expresión, a comprensión e a interacción para visibilizar as posibilidades comunicativas das diferentes linguaxes e formas de expresión, aínda que se lle concede un carácter prioritario ao proceso de adquisición da linguaxe verbal e escrita (lecto-escritura) nas dúas linguas cooficiais.

Ademais destacaremos a importancia que teñen as linguaxes artísticas coas que pretendemos proporcionar ao alumnado de 6º de infantil un leito diferente, variado e flexible para expresarse, mostrar o seu mundo interior (emocións) e explorar e relacionarse coa contorna con maior liberdade e axudan a desenvolver a capacidade de construír conceptos, adquirir habilidades manuais e despreñar a imaxinación.

Tamén priorizamos a linguaxe musical como un medio que permite a comunicación cos demais, xa que posibilita o desenvolvemento de aspectos como a escoita atenta e activa e facilita, en gran maneira, a adquisición da linguaxe oral, a súa estruturación, ton, ritmo e entoación; a sensibilidade; a improvisación e o gozo a través da voz, do propio corpo ou dos xogos motores e sonoros. Da mesma maneira, tamén se aproximarán ao coñecemento de distintas manifestacións musicais en ambas as linguas cooficiais, así como noutras presentes na contorna. Tamén coñeceremos compositores como Mozart, Beethoven, Vivaldi ...

Con respecto á linguaxe plástica, nesta etapa priorizamos a experimentación con diferentes técnicas e materiais para expresar ideas, emocións e sentimentos. Pola súa vez, desde unha perspectiva de xénero, poñerá as nenas e os nenos en contacto con diversidade de obras relacionadas con expresións artísticas traballando artistas como: Van Gogh, Miró, Kandinsky, Mondrián, Velázquez ... para iniciar así o desenvolvemento do sentido estético e artístico.

Por último, a linguaxe corporal permite o descubrimento de novas e persoais posibilidades expresivas que poden utilizarse cunha intención comunicativa, representativa ou estética e contribuirán ao autoconhecimento e á construción da identidade e ao coñecemento da realidade.

Para levar a cabo unha concreción dos elementos curriculares que irán en cada unidade ou proxecto adaptadas á realidade de aula, establecemos categorías xerais, pero sempre favorecendo os que xurdan dos intereses das nenas e nenos.

A temporalización das unidades proposta é orientativa e poderá ser modificada . Atoparemos dúas unidades didácticas (a modo de proxecto expostos no apartado 3.1) en cada trimestre, e unha unidade transversal que se desenvolverá ao longo de todo o curso e que no noso centro denominamos Semana Cultural na que participan todos os cursos e que este ano leva como lema : "De aquí e de acolá"

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.	1	1	1	1	1	1	1	1
OBX2 - Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.	1	1			1	1	1	1
OBX3 - Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubriendo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.	1	1	1	1	1	1	1	
OBX4 - Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.	1	1		1				
OBX5 - Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.	1	1	1	1				1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Medramos	Iniciaremos o curso cunha unidade na que faremos fincapé en que constúan unha imaxe positiva e axustada de sí mesmos/as. Coñecer o propio corpo, e o dos outros/as, tomando conciencia das súas emocións e sentimentos, resolvendo conflitos da vida cotiá por medio do diálogo, respetando as diferenzas. En resumo, explorar o propio corpo a través da acción e dos sentidos, desenvolvendo progresivamente a súa autonomía.	40	X		

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	O meu mundo	Trátase de centrarnos na realidade máis próxima ao alumnado o climatoloxía (propia do outono) coas tradición da nosa cultura (vendima, magosto, samaín ...) Promovendo entre os nenos e as nenas a exploración da contorna e o coñecemento e valoración da cultura galega, mediante o achegamento ás tradicións, valores e costumes e dende o respecto á diversidade cultural da contorna.	40	X		
3	A auga orixe da vida	Co fin de concienciar ao alumnado na importancia que a auga ten para os seres vivos e especialmente para os seres humano e o futuro da humanidade, fancendo fincapé no papel que todos e todas temos nun desenvolvemento sostible (cambio climático).	50		X	
4	A volta ao mundo	Esta unidade aínda que está ubicada no 2º trimestre, neste curso 23/24 imos ter pinceladas dentro das outras unidades posto que é o tema da Semana Cultural deste ano co título "De aquí e de acolá". Traballaremos proxectos relacionados con outras culturas facéndolles ver que as diferencias enriquecen. Fomentando actitudes de respecto de cara aos outros/as.	50		X	
5	O sons da vida	Nesta unidade trataremos a importancia do son e do silencio, baseándonos, pricipalmente, en actividades manipulativas e de exploración.	50			X
6	Os animais e máis eu	Nesta unidade incidiremos no coñecemento e coidado dos animais e a súa importancia na supervivencia do ser humano.	50			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Medramos	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Amosa iniciativa para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)	TI
CA1.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Amosa iniciativa por compartir a súa intepretación de representacións ou manifestacións artísticas.	
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións artísticas onde reflexa a súa imaxinación, ideas e emocións e goza o proceso.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	É quen de adaptar a súa linguaxe aos interlocutores e ao contexto.	
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Amosa iniciativa para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas	
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	Amosa iniciativa para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas	
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Recoñece, comprende e emprega algunha palabra en ambas linguas oficiais.	
CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	Valora, recoñece e emprega algunha particularidade lingüística da contorna próxima.	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Emprega as expresións de convencións sociais básicas e unha linguaxe respetuosa coas demais persoas no intercambio comunicativo	
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Amosa iniciativa para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Amosa iniciativa para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Participa nas actividades e xogos de conciencia fonolóxica recoñecendo e diferenciando os as unidades da lingua coma fonemas, letras, sílabas e palabras.	
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.	Comprende a intención comunicativa e interpreta das mensaxes emitidas por outras persoas ea as interpreta	
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Emprega a linguaxe oral con iniciativa nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) amosando un discurso organizado e coherente.	
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.	Emprega a linguaxe para chegar a acordos cos demais para satisfacer as súas necesidades e desexos	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Amosa iniciativa para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.6 - Expresar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas.	É quen de expresarse oralmente, empregando oracións nun discurso sinxelo, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Participa con interese en actividades onde se emprega a lingua escrita para transmitir mensaxes e información de xeito autónomo.	
CA4.2 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	É quen de identificar, diferenciar e clasificar palabras segundo as súas características	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	É quen de realizar grafismos, libres e/ou suxeridos, así como a escritura de diferentes palabras sinxelas coñecidas polo alumnado.	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo	Participa en actividades onde se emprega a lingua escrita para transmitir mensaxes e información de xeito autónomo.	
CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas.	É capaz de expresarse de xeito escrito, empregando signos, palabras e oracións a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	É quen de identificar, diferenciar e clasificar palabras segundo as súas características.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria, respectando as normas de uso e colaborando na súa organización.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Escoita con atención a lectura de textos literarios de certa extensión e goza compartindo ese momento coas compañeiras e compañeiros.	
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubriendo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Amosa iniciativa para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo tras a escoita o lectura dun texto literario.	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Amosa iniciativa por expresar a súa opinión sobre unha manifestación artística nunha situación de intercambio comunicativo.	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	Participa nas actividades e xogos de conciencia fonolóxica amosando capacidade para percibir e discriminar diferentes sons.	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Participa en actividades dramáticas e musicais asumindo roles e utilizando instrumentos, recursos e técnicas.	
CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas sobre as producións dos demais, expresando a súa valoración de xeito empático e respetuoso.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións artísticas e culturais onde reflexa a súa imaxinación e expresa ideas e emocións gozando proceso.	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Amosa iniciativa por expresar a súa opinión sobre unha manifestación artística nunha situación de intercambio comunicativo.	
CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	É quen de expresarse musicalmente, empregando a voz, o corpo e instrumentos musicais, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA7.1 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Amosa iniciativa para compartir a súa interpretación de representacións ou manifestacións artísticas.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Realiza creacións plásticas empregando diferentes materiais e técnicas, así como colaborando coas súas compañeiras e compañeiros.	
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións plásticas onde reflexa a súa imaxinación, ideas e emocións e goza o proceso.	
CA7.4 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Amosa iniciativa por expresar a súa opinión sobre unha manifestación artística nunha situación de intercambio comunicativo.	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas sobre producións dos demais, expresando a súa valoración de xeito empático e respetuoso.	
CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.	Realiza obras plásticas, empregando diferentes técnicas e materiais de xeito libre e dirixido, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Participa en actividades de danza e dramatización movendo o corpo de xeito libre e dirixido expresando emocións.	
CA8.2 - Axustar harmonicamente o seu movemento ao dos demais e ao espazo como forma de expresión corporal libre, manifestando interese e iniciativa.	Participa en actividades de expresión corporal libre axustando o seu movemento ao espazo e a das demais persoas.	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas sobre as interpretacións dos demais, expresando a súa valoración de xeito empático e respetuoso.	
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	É capaz de expresarse corporalmente, empregando o corpo, o movemento, a cara e a postura, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Amosa iniciativa por facer aportacións nas situacións virtuais de intercambio comunicativo	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA9.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, ou en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Comparte espontaneamente a súa interpretación de representacións ou manifestacións artísticas dixitais.	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Participa en actividades de creación con ferramentas dixitais para crear produtos propios e creativos.	
CA9.4 - Coñecer e aplicar as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas: tempos de utilización, contextos e momentos de uso, tipo de aplicacións, contidos axeitados.	Coñece, acepta e respecta as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas e amosa unha actitude responsable.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Comunicación interpersonal: empatía e asertividade. - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma. - Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais. - Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima. - Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica. - Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais. - Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias. - Creación de textos ou enunciados orais formais e informais. - Escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida. - Interpretación da intención comunicativa das mensaxes. - Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada. - Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica. - Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases. - Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a comprensión.

Contidos

- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.
- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Iniciación a estratexias de procura de información, reelaboración e comunicación.
- Situacións de lectura individual ou a través de modelos lectores de referencia.
- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Memorización e recitado de textos literarios.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos.
- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- O código musical: o son, o silencio e as súas calidades.
- Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.
- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.

Contidos

- Respecto cara ás producións alleas.
- Planificación da acción en producións plásticas.
- Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais.
- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.
- Uso do baile e da danza como medios de expresión.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.
- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

UD	Título da UD	Duración
2	O meu mundo	40

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Amosa iniciativa para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)	TI
CA1.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Amosa iniciativa por compartir a súa interpretación de representacións ou manifestacións artísticas.	
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións artísticas onde reflexa a súa imaxinación, ideas e emocións e goza o proceso.	
CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	É quen de adaptar a súa linguaxe aos interlocutores e ao contexto.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Amosa iniciativa para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas	
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	Amosa iniciativa para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas	
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Recoñece, comprende e emprega algunha palabra en ambas linguas oficiais.	
CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	Valora, recoñece e emprega algunha particularidade lingüística da contorna próxima.	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Emprega as expresións de convencións sociais básicas e unha linguaxe respetuosa coas demais persoas no intercambio comunicativo	
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Amosa iniciativa para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Amosa iniciativa para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Participa nas actividades e xogos de conciencia fonolóxica recoñecendo e diferenciando os as unidades da lingua coma fonemas, letras, sílabas e palabras.	
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.	Comprende a intención comunicativa e interpreta das mensaxes emitidas por outras persoas ea as interpreta	
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Emprega a linguaxe oral con iniciativa nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) amosando un discurso organizado e coherente.	
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.	Emprega a linguaxe para chegar a acordos cos demais para satisfacer as súas necesidades e desexos	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Amosa iniciativa para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)	
CA3.6 - Expresar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas.	Équen de expresarse oralmente, empregando oracións nun discurso sinxelo, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Participa con interese en actividades onde se emprega a lingua escrita para transmitir mensaxes e información de xeito autónomo.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.2 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	É quen de identificar, diferenciar e clasificar palabras segundo as súas características	
CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	É quen de identificar, diferenciar e clasificar palabras segundo as súas características.	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Participa en actividades dramáticas e musicais asumindo roles e utilizando instrumentos, recursos e técnicas.	
CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións artísticas e culturais onde reflexa a súa imaxinación e expresa ideas e emocións gozando proceso.	
CA7.1 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Amosa iniciativa para compartir a súa interpretación de representacións ou manifestacións artísticas.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Realiza creacións plásticas empregando diferentes materiais e técnicas, así como colaborando coas súas compañeiras e compañeiros.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Participa en actividades de danza e dramatización movendo o corpo de xeito libre e dirixido expresando emocións.	
CA8.2 - Axustar harmonicamente o seu movemento ao dos demais e ao espazo como forma de expresión corporal libre, manifestando interese e iniciativa.	Participa en actividades de expresión corporal libre axustando o seu movemento ao espazo e a dos demais persoas.	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas sobre as interpretacións dos demais, expresando a súa valoración de xeito empático e respetuoso.	
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	É capaz de expresarse corporalmente, empregando o corpo, o movemento, a cara e a postura, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA9.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, ou en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Comparte espontaneamente a súa interpretación de representacións ou manifestacións artísticas dixitais.	
CA9.4 - Coñecer e aplicar as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas: tempos de utilización, contextos e momentos de uso, tipo de aplicacións, contidos axeitados.	Coñece, acepta e respecta as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas e amosa unha actitude responsable.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Comunicación interpersonal: empatía e asertividade.

Contidos

- Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia.
- Ampliación do repertorio lingüístico individual.
- Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.
- A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma.
- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.
- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.
- Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima.
- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.
- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.
- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.
- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.
- Escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.
- Interpretación da intención comunicativa das mensaxes.
- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.
- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiás da súa contorna e dos instrumentos.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- Respecto polas producións alleas.
- Planificación da acción en producións plásticas.
- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.
- Uso do baile e da danza como medios de expresión.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.

Contidos
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.

UD	Título da UD	Duración
3	A auga orixe da vida	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Emprega as expresións de convencións sociais básicas e unha linguaxe respetuosa coas demais persoas no intercambio comunicativo	TI
CA3.6 - Expresar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas.	Équen de expresarse oralmente, empregando oracións nun discurso sinxelo, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Realiza creacións plásticas empregando diferentes materiais e técnicas, así como colaborando coas súas compañeiras e compañeiros.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais. - Creación de textos ou enunciados orais formais e informais. - Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos. - Respecto cara ás producións alleas.

UD	Título da UD	Duración
4	A volta ao mundo	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
-------------------------	------------------------	----

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Amosa iniciativa por compartir a súa interpretación de representacións ou manifestacións artísticas.	
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións artísticas onde reflexa a súa imaxinación, ideas e emocións e goza o proceso.	
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Amosa iniciativa para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Participa nas actividades e xogos de conciencia fonolóxica recoñecendo e diferenciando os as unidades da lingua coma fonemas, letras, sílabas e palabras.	
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construindo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Emprega a linguaxe oral con iniciativa nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) amosando un discurso organizado e coherente.	
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.	Emprega a linguaxe para chegar a acordos cos demais para satisfacer as súas necesidades e desexos	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Participa con interese en actividades onde se emprega a lingua escrita para transmitir mensaxes e información de xeito autónomo.	TI
CA4.2 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	É quen de identificar, diferenciar e clasificar palabras segundo as súas características	
CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas.	É capaz de expresarse de xeito escrito, empregando signos, palabras e oracións a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	É quen de identificar, diferenciar e clasificar palabras segundo as súas características.	
CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións artísticas e culturais onde reflexa a súa imaxinación e expresa ideas e emocións gozando proceso.	
CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	É quen de expresarse musicalmente, empregando a voz, o corpo e instrumentos musicais, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Realiza creacións plásticas empregando diferentes materiais e técnicas, así como colaborando coas súas compañeiras e compañeiros.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA9.4 - Coñecer e aplicar as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas: tempos de utilización, contextos e momentos de uso, tipo de aplicacións, contidos axeitados.	Coñece, acepta e respecta as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas e amosa unha actitude responsable.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Comunicación interpersonal: empatía e asertividade. - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica. - Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais. - Creación de textos ou enunciados orais formais e informais. - Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas. - Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural. - Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero. - Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas. - Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar. - Respecto polas producións alleas. - Planificación da acción en producións plásticas. - Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.

UD	Título da UD	Duración
5	O sons da vida	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	É quen de adaptar a súa linguaxe aos interlocutores e ao contexto.	TI
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Recoñece, comprende e emprega algunha palabra en ambas linguas oficiais.	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Participa nas actividades e xogos de conciencia fonolóxica recoñecendo e diferenciando os as unidades da lingua coma fonemas, letras, sílabas e palabras.	
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.	Comprende a intención comunicativa e interpreta das mensaxes emitidas por outras persoas ea as interpreta	
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Emprega a linguaxe oral con iniciativa nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) amosando un discurso organizado e coherente.	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Amosa iniciativa para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)	
CA3.6 - Expresar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas.	É quen de expresarse oralmente, empregando oracións nun discurso sinxelo, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Participa con interese en actividades onde se emprega a lingua escrita para transmitir mensaxes e información de xeito autónomo.	
CA4.2 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	É quen de identificar, diferenciar e clasificar palabras segundo as súas características	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo?	Participa en actividades onde se emprega a lingua escrita para transmitir mensaxes e información de xeito autónomo.	
CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas.	É capaz de expresarse de xeito escrito, empregando signos, palabras e oracións a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Escoita con atención a lectura de textos literarios de certa extensión e goza compartindo ese momento coas compañeiras e compañeiros.	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	Participa nas actividades e xogos de conciencia fonolóxica amosando capacidade para percibir e discriminar diferentes sons.	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Participa en actividades dramáticas e musicais asumindo roles e utilizando instrumentos, recursos e técnicas.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	É quen de expresarse musicalmente, empregando a voz, o corpo e instrumentos musicais, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA7.1 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Amosa iniciativa para compartir a súa interpretación de representacións ou manifestacións artísticas.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Realiza creacións plásticas empregando diferentes materiais e técnicas, así como colaborando coas súas compañeiras e compañeiros.	
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións plásticas onde reflexa a súa imaxinación, ideas e emocións e goza o proceso.	
CA7.4 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Amosa iniciativa por expresar a súa opinión sobre unha manifestación artística nunha situación de intercambio comunicativo.	
CA9.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, ou en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Comparte espontaneamente a súa interpretación de representacións ou manifestacións artísticas dixitais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais. - Creación de textos ou enunciados orais formais e informais. - Escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida. - Interpretación da intención comunicativa das mensaxes. - Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada. - Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica. - Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. - Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas. - Situacións de lectura individual ou a través de modelos lectores de referencia. - Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural. - Memorización e recitado de textos literarios. - Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo. - Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos. - Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar. - O código musical: o son, o silencio e as súas calidades. - Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras. - Aprecio da escoita musical como fonte de gozo. - Respecto polas producións alleas. - Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos. - Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.

UD	Título da UD	Duración
6	Os animais e máis eu	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Emprega as expresións de convencións sociais básicas e unha linguaxe respetuosa coas demais persoas no intercambio comunicativo	TI
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Emprega a linguaxe oral con iniciativa nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) amosando un discurso organizado e coherente.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma. - Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía utilizada para desenvolver esta área estará baseada en distintos principios da aprendizaxe como que esta non se leva a cabo por acumulación de coñecementos senón pola reorganización dos mesmos integrando os coñecementos xa existentes; isto orixina que se faga necesario un tratamento globalizado do proceso de ensino-aprendizaxe no cal o alumno/a poida interrelacionar os seus coñecementos previos cos novos. Tendo en conta que tódolos coñecementos abarcan diferentes campos tanto físicos, sociais como afectivos é imprescindible o tratamento *¿global¿*. Os alumnos/as constrúen a súa aprendizaxe partindo dos seus coñecementos previos, de xeito que os novos

elementos introducidos supoñan a reestructuración (reelaboración, enriquecemento e diversificación) dos seus esquemas cognitivos e desta forma adquirirán significado para eles/as. Por isto a metodoloxía utilizada consistirá en crear as condicións necesarias que inciten o alumno/a a iniciar un proceso de reflexión, investigación, descubrimento e superación dos *¿conflictos cognitivos¿* plantexados.

O traballo será cooperativo, organizándose en grupos, onde a comunicación e o diálogo sexa a vía de solución de problemas, conflitos e respecto as diferencias, favorecendo a creación dun ambiente democrático, onde o alumno/a teña parte activa (non só receptora) no seu proceso de aprendizaxe, fomentando as relacións afectivas cos compañeiros/a, respecto as diferencias.

No proceso de ensino-aprendizaxe, teranse en conta as características individuais dos alumnos/as así como as súas peculiaridades e ritmos evolutivos individuais. Planexaranse sempre que sexa preciso aspectos relativos ó reforzo e ampliación, tendo especial coidado en aqueles alumnos/a con necesidades educativas especiais. Fomentaremos a aprendizaxe por descubrimento, de xeito que o alumno/a mediante a súa práctica e actividade descubra e integre nos seus esquemas cognitivos os novos coñecementos, dotarase aos alumnos/as das ferramentas e estratexias necesarias para elaborar a súa propia aprendizaxe (auto aprendizaxe).

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ferramentas tecnolóxicas: libros dixitais, distintas apps, cámara de fotos, ordenador de aula, pantalla dixital, tablet de aula, proxector, conexión a internet, robots , reproductor musical, reproductor de DVD
Material funxible: papeis, rotuladores, témperas, xices, lápises, caderno, chinchetas, tesoiras ...
Material sensorial: mesa de luz, contos manipulativos, teas de distintas texturas, papeis transparentes de cores, bandexas para a escritura sensorial (area, fariña, sal...)
Material visual: carteis,bits, láminas...
Biblioteca de centro e de aula, libros: contos, dicionarios, anuarios, atlas, álbumes...
Material curricular: cadernos de traballo, vídeos didácticos, currículo, P,E...
Material artístico: papeis, pinceis, pinturas, plastilina, refugallo, teatro de sombras, luz negra, kamisibai, títeres...
Material de psicomotricidade: espaldeiras, aros, bancos, estruturas de gomaespuma, cordas, balóns, táboas de equilibrio...
Material non estruturado: de refugallo (tapóns, xornais, botellas ...), elementos naturais (pedras, paos, cunchas...), pezas soltas...
Material de xogo simbólico: coches, trens, disfraces, oficios, cociña ...
Instrumentos musicais: xilófono, axóuxeres, fruta, triángulo...
Comunidade educativa (alumnado, persoal docente e non docente, familias)e calquera persoa que interveña na vida do centro (visitas,etc)
A Horta: dispoñemos dunha horta na zona de Belvís cedida polo concello que o cole e a nosa clase de 6º de infantil, utilizamos con fins educativos.

Consideramos como recursos educativos todos aqueles materiais que poden ser utilizados na aula con fins educativos.

Na clase de 6º El e no centro utilizamos os espazos de xeito variable, movendo mobiliario para dispor de novas zonas, puntualmente.

Os materiais e recursos que utilizamos na etapa de infantil especialmente no último curso son soportes de axuda para a intervención pedagóxica que realizamos para un maior enriquecemento da aprendizaxe do alumnado, canto mais variados sexan os tipos de materiais máis enriquecedor será.

Cando falamos de materiais didácticos en infantil temos que ten en conta que éstos deben ser: seguros, resistentes,

duraderos, de manexo sinxelo. motivador, polivalente e non estruturado.

Á hora de programar os materiais a utilizar non esquecemos que utilizar materiais da contorna axuda e integrar á escola coa contorna, traer materiais do fogar axuda a integrar á familia na escola, cando utilizamos materiais doutras aulas do centro facilitamos a interacción interescolar ... todas estas cuestión poñen de manifesto moitos dos puntos básicos da filosofía do noso centro educativo.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Será o primeiro paso para levar a cabo a planificación do proceso educativo baseado na análise, tanto das competencias clave do alumnado como das necesidades do grupo, para acadar o máximo desenvolvemento posible das capacidades do alumnado sempre tendo en conta as súas posibilidades.

Na primeira unidade do curso, levarase a cabo a avaliación inicial a través de:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
- Análise das producións plásticas, escritas, musicáis, etc realizadas polo alumnado
- Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.
- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno

Suliñar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temprana das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Estos criterios veñen marcados pola consecución de criterios para cada materia segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: S(sen dificultade), P (en proceso), C (con dificultade), de forma que o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado.

Os indicadores establecémoslos, de forma consensuada entre o profesorado, a partires dunha criba dos establecidos no XADE para o nivel de Educación Infantil.

Criterios de recuperación:

Non procede.

6. Medidas de atención á diversidade

Cando falamos de atención á diversidade estamos a recoñecer que cada alumno/a é unha persoa única e irrepitible, coa súa historia, afectos, motivacións, necesidades, intereses, sexo, ... estamos a falar de que os grupos-clase non son homoxéneos, polo que é necesario traballar de forma que o noso alumnado aprenda e prograse de forma que poida acadar os obxectivos educativos da etapa de educación infantil.

A nosa acción educativa vai encamiñada a compensar as desigualdades entre o noso alumnado derivadas de factores socio-económicos, culturais, xeográficos ou de outra índole.

Entre as medidas adoitadas están:

- Secuenciar os obxectivos e contidos atendendo ao carácter cíclico dos mesmos.
- Graduar as dificultades das actividades en relación á capacidade do alumnado, con actividades tanto de reforzo como de ampliación.
- Organizar os contidos respondendo aos diferentes ritmos de aprendizaxe.
- Avaliar ao alumnado en función do seu progreso con respecto ao seu nivel inicial (avaliación inicial) e á súa capacidade, esforzo ...

- Analizar as dificultades atopadas no proceso de aprendizaxe e non só no resultado, e adoptando as decisión oportunas no momento no que aparecen.
- Crear un clima de respecto, aceptación e valoración entre todo/a o alumnado.
- Combinar agrupamentos homoxéneos con agrupamentos heteroxéneos.
- Constancia nas tarefas de avaliación, rexistro e reflexión por parte do profesorado con respecto o progreso do alumnado.

É importante plasmar por escrito, os logros, avances e dificultades atopadas entre o alumnado, pois desta forma poderemos:

- Contrastar as nosas observación co resto de profesorado.
- Evitar pasar por alto pequenos progresos ou dificultades.
- Evitar incidir sobre o que xa saben facer ou poñer tarefas moi complicadas.

Para establecer as medidas, estratexias e pautas de actuación coordinarémonos todo o profesorado que imparte clase na aula (especialistas)

A diversidade de alumnado enriquece o grupo-clase pero implica unha programación de carácter aberto, flexible, preventivo e compensador.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional	X	X				X
ET.2 - Hábitos de control corporal.	X	X				
ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social.	X	X		X		X
ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos.		X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para o consumo responsable.	X	X	X			
ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos.	X	X		X		

Observacións:

A transversalidade surxe da necesidade de enfrentar certos problemas que se detectan na sociedade e en consecuencia na escola. Son problemas como os relacionados co medio ambiente, a violencia (escolar, de xénero ...), a discriminación ... Reflexan a preocupación que a escola manifesta sobre os problemas sociais, Conectan á escola coa contorna, intentando fomentar no alumnado valores coherentes e intentando darlles ferramentas para adoptar unha actitude social crítica.

Na programación de 6º de El podémolos agrupar nos seguintes grandes grupos: Educación para a Saúde, Educación para a Igualdade, Educación para o/a Consumidor/a, Educación Ambiental e Educación para a Paz.

Estos temas impregna todo o proceso de ensino-aprendizaxe pois entendemos que os temas transversais son contidos básicamente actitudinais, son valores importantes para o desenvolvemento integral e persoal do noso alumnado e, en consecuencia, para a consecución dunha sociedade máis libre, democrática, respetuosa e tolerante.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas	Ao Museo do Pobo Galego (tanto visita como participación en exposicións), outros museos da cidades que oferten visitas a escolares, Praza de Abastos...	X	X	X
Actividades organizadas polo Concello	Galicreques, Concertos do Auditorio, Actividades de Animación á Lectura de Kalandraka ...	X	X	X
Participación das familias	Contacontos, obradoiros de cociña, manualidades como Antroido para elaborar disfraces, ou Nadal ...	X	X	X
Saídas	Parques da cidade (Belvís e Bonaval), o Barrio (comercios roteiros ...)	X	X	X
Actividades organizadas por organismos oficiais	Programa de Educación Viaria da Policía Local de Santiago	X	X	X
A horta	Dispoñemos dunha horta cedida polo concello, na que facemos actividades ao longo do ano, non só infantil senón todo o centro (sementar, regar, colleita ...)	X	X	X
Actividades que se ofertan ao centro	Conta-contos ofertados plas editoriais, profesionais con programas específicos para centro educativos, charlas de escritores/as , exposición se animais ou sobreo o espazo ...	X	X	X

Observacións:

No centro dáselle unha especial relevancia ás actividades complementarias, entendidas como aquelas actividades que dentro do horario escolar, teñen un carácter diferenciado das propiamente lectivos dados os espazos e con recursos utilizados.

En 6º de Educación Infantil participamos especialmente nas actividades propostas polo Concello de Santiago, por distintas asociacións e organismos oficiais ...

Tamén destacaremos a importancia que lle damos ás familias nesta actividades pois colobaron tanto en talleres e obradoiros (de cociña, de experimentos, de manualidades ...) como dando charlas, como facendo conta-contos, tamén colaboran en actividades como Samaín, antroido, magosto ...

Dentro destas actividades tamén destacamos as saídas que facemos pola contorna, o barrio de San Pedro e as zonas verdes xa que temos o privilexio de estar preto do Parque de Bonaval e o Parque de Belvís.

Estas zonas non só as aproveitamos de cara a natureza senón que tamén facemos uso delas para levar a cabo actividades de días concretos como o Día do Deporte.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Elementos curriculares presentes nas actividades.
Temporalización de actividades adecuada.

Metodoloxía empregada
Deseño das actividades adecuadas ao alumnado
Instrumentos de avaliación eficaces e adecuados.
Promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades.
Empréganse diversos recursos didácticos.
A avaliación do alumnado utilízase para modificar o proceso de ensinanza aprendizaxe.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Utilízase diversidade de materiais para accederá información, para expresarse e para fomentar a motivación.
Medidas de atención á diversidade
Contémpnanse todas as NEAE no deseño das actividades.
Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño de actividades e propostas.
Individualización do proceso ás características de cada alumna/o.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Existe coordinación co equipo docente.
Promóvese a participación das familias.

Descrición:

Todos os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre o proceso posibilitando modificacións e melloras.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación se valorará a través da realización dunha rúbrica na que se puntuarán os indicadores citados anteriormente.

Haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en Infantil ao rematar cada trimestre.

9. Outros apartados